

CONVOCATORIA	Convocatoria para nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal "Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra 2025" con destino ao Servicio de Cooperación (BOPPO núm. 247 de luns, 29 de decembro de 2025)
PRAZA/POSTO	1561 – Técnica/o media/o en xestión económica
TIPO	SEGUNDO EXERCICIO (SUPOSTO PRÁCTICO)
DATA	06/05/2026

SUPOSTO PRÁCTICO
(tempo de realización: 1 hora e 30 minutos)

A Deputación de Pontevedra aprobou as bases e convocatoria de subvencións do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extras 2025) dotado inicialmente cun orzamento de 35.000.000,00 de euros, que se destinarán a sufragar proxectos de investimentos de carácter estratéxico dos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

No marco do devandito plan, recibíronse un total de 59 solicitudes. A convocatoria está dotada con 35 millóns de euros de orzamento. No entanto, o importe total solicitado entre todas as solicitudes recibidas ascende a 37 millóns de euros.

Na propia convocatoria prevese a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria mediante a tramitación do pertinente expediente de modificación de crédito de considerarse necesario. Polo que, consultados os fondos provinciais, compróbase que existe outra partida orzamentaria dotada con dous millóns de euros, pensada para destinar a unha liña de axudas similar pero que finalmente non se vai a executar, polo que se quere utilizar ese diñeiro para completar o financiamento ata alcanzar os 37 millóns de euros no Plan Extras 2025. Aínda que se trata de partidas non vinculadas, ambas as partidas estarían asignadas ao mesmo centro xestor e á mesma área de gasto.

Pola súa banda, finalizada a fase de instrución, resulta que un concello non contestou o requirimento efectuado e por tanto propónse a súa exclusión. En consecuencia, apróbase a concesión das subvencións a un total de 57 concellos por importe de 36.000.000,00 € e, a pesar de existir crédito para a

súa concesión tras realizarse a modificación orzamentaria correspondente, denégaselle a un concello por non completar a documentación requirida e a outro porque o proxecto presentado non reúne o carácter estratéxico esixido polas bases.

Tal e como está previsto na normativa de aplicación, o acordo debe notificarse.

CUESTIÓNNS:

Responda razoadamente as seguintes cuestións:

- 1.- Analice cal debería ser o contido mínimo da convocatoria e a publicidade que se lle debe dar. (2 puntos)
- 2.- Xustifique, con base na normativa de aplicación, a necesidade de aprobar algún documento estratéxico previo á convocatoria. (2 puntos)
- 3.- Que tipo de modificación orzamentaria habería que tramitar para completar o financiamento de todas as solicitudes recibidas? Explique como sería o procedemento para realizar a modificación orzamentaria. (2 puntos)
- 4.- Analice como se fará a resolución/acordo de concesión das subvencións e que aspectos deben terse en conta. (2 puntos)
- 5.- Describa que condicións se deberían cumprir para considerar que un proxecto reúne o carácter estratéxico a efectos do Plan Extras 2025. (2 puntos)